

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, por medio de **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **interpelación**, relativa ao impacto dos recortes de Pemex nas promesas electorais do goberno Núñez Feijóo.

Poucas cuestións sufriron tantas mentiras proferidas tanto tempo por tan poucos altos cargos do PP como o sector naval. Sector orfo dunha planificación estratéxica por parte dos gobernos do PP, que resta sometido ao bambán das coxunturas electorais e sen unha planificación industrial pública que permita aumentar significativamente a carga de traballo e as potencias que latexan nos nosos estaleiros, caso do de Fene ceibe do veto da UE.

Aínda voltou este entroido a viaxar ás Américas o presidente da Xunta para voltar desa mascarada sen novos contratos ou investimentos para un elemento estratéxico da nosa industria.

No entanto, as comarcas de Ferrolterra e Vigo pregúntanse con preocupación polo destino dos anunciados recortes nos investimentos de Pemex, empresa que terá que deixar de gastar uns 3.500 millóns de euros. As novas parecen indicar que os proxectos non comezados van ser revisados coas posibles consecuencias negativas que se deriven ora por seren anulados ora por acumularen retrasos.

Este grupo parlamentar pregúntase que van ser dos diferentes anuncios efectuados oportunamente pola Xunta nas previas electorais de novos encargos navais? Ou que vai acontecer cos plans de Pemex para se instalar no porto exterior da Coruña? E que efectos vai ter esta revisión en materia de emprego no noso país?

A Xunta ten que clarexar as declaracións do conselleiro de industria once reconece que a empresa mexicana vaise replantear algúns investimentos. Incluso as extemporáneas declaracións do presidente da Xunta na sesión plenaria de hoxe, onde afirmou que os remolcadores e a flota de baixo calado se van facer, requiren unha aclaración acerca da fonte autorizada que poda aseguralas e que permita evitar caracterizar semellantes afirmacións do presidente como vanas; máis cando o propio conselleiro de industria os pon en dependencia cos armadores e o prezo dos combustibles.

Todo elo cando a plantilla de Navantia segue en subocupación e apenas se crea emprego, en peores condicións e vulnerando os acordos do 2001 en materia de traballo dentro da factoría para as compañías auxiliares, nas industrias auxiliares; cando nada se fai para dotar de novos investimentos e plantilla a Navantia Fene; cando se mantén firme, esta si, a negativa a construír o dique flotante; cando en Vigo xa saben do afundimento do que tería sido flota de grandes buques e nada se sabe da sorte que poidan correr os 3 buques tanque, o atuneiro e o surplay.

A cidadanía galega merece unha explicación fundamentada de como están os compromisos e anuncios de Pemex por parte do goberno galego. Explicación que falla cando abundan incógnitas para un goberno afeito a comprometer os investimentos só en campaña electoral.

En atención ao exposto, o grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda formula a seguinte interpelación:

- Cal é a situación, acreditada documentalmente, de todos e cada un dos anuncios de investimentos realizados polo goberno galego relativos a Pemex ao abeiro das últimas campañas electorais, logo do anuncio en firme, este si, da empresa mexicana de recortar investimentos por valor de 3.500 millóns de euros?

En Compostela, 25 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 25/02/2015 14:59:50